

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO, AXUDAS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO ESCOLAR 2024/2025.

Aberto o prazo para solicitar o FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO, AXUDAS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO ESCOLAR 2024/2025.

As axudas asignaranse en función da renda per cápita correspondente ao **exercicio fiscal 2022**, que debe ser **igual ou inferior a 10.000€**, sendo requisito imprescindible ter devoltos os libros de texto do ano 2022/2023 (enviarase unha circular posterior cos días de recollida de libros).

- Fondo solidario de libros de texto: para 3º, 4º de Ed. Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de Ed. Secundaria. (5º e 6º están excluídos por ser cursos Edixgal)
- Axuda para adquirir libros de texto: 1º e 2º de Ed. Primaria.
- Axudas para adquirir material escolar: alumnado de todos os cursos de Ed. Primaria, Ed. Secundaria e Ed. Especial.

CUANTÍAS DAS AXUDAS.

	Renda per cápita familiar				Calquera renda per cápita					
	≤ 6.000€		> 6.000 e ≤ 10.000€		En garda ou tutela da Xunta		Discapacidade ≥ 65%		Educación especial	
	Libros de texto		Material		Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material
1º e 2º EP	240€	160€			240€		300€			
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	Fondo: 4 libros ⁽¹⁾	75€	60€	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	75€	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾ ou: 300 € ⁽²⁾	75 €	300 €	75 €
Alumnado con NEAE – EP ⁽³⁾	240€	160€			240€					
Alumnado con NEAE – ESO ⁽³⁾	270€	180€			270€					

A solicitude, **unha por familia**, poderá realizarse no centro.

No caso de que se tramite por vía electrónica será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno aínda que estean no mesmo centro, accedendo á aplicación [Fondo Libros](#) e a través da [Sede Electrónica da Xunta de Galicia](#)

O Prazo de presentación de solicitudes remata o 21 de xuño.

Documentación a presentar:

- [Anexo I e II](#) (facilitóuselle ao alumnado). A disposición das familias no centro.
- Libro de familia (orixinal e copia) sempre que autoricen a consulta telemática de datos.
- Outra documentación, se procede:
 - Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou de calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica
 - Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
 - Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
 - Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai ou a nai ou o/a titor/a ou tutores/as carezan de DNI ou NIE.

Para máis información poden consultar a orde na seguinte ligazón:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240520/AnuncioG0761-080524-0003_gl.html